



AMA
LOITA
SONA
AMAL.



DO 24 AO 29 DE OUTUBRO
AUDITORIO ABANCA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
WWW.AMALFESTIVAL.COM



ORGANIZA:

Fundación Araguañey-Puente de Culturas

www.fundacionaraguañey.org

EQUIPO:

Presidente da Fundación Araguañey- Puente de Culturas: Ghaleb Jaber Ibrahim

Director da Semana de Cine Euroárabe Amal: Ghaleb Jaber Martínez

Coordinador da Semana de Cine Euroárabe Amal: Miguel García Rodríguez

ORGANIZA



INSTITUCIONES COLABORADORAS



PATROCINADORES



MEDIOS ASOCIADOS





AP Photo/Muhammed Muheisen

ZAHA MAHMOUD - SÓ SOÑA CON IR A ESCOLA

A nena refuxiada siria, *Zahra Mahmoud*, de Deir o-Zour, Siria, posa para a foto nun asentamento improvisado de tendas de campaña preto da fronteira con Siria, nos arredores de Mafraq, Xordania. Aproximadamente a metade dos 4,8 millóns de sirios que fuxiron da súa terra natal son nenos e viven en condicións infrahumanas.

O FOTÓGRAFO, MUHAMMED MUHEISEN

Muheisen uniuse a AP en 2001, dedícase os principais acontecementos no Medio Oriente como o conflito palestino-israelí, incluíndo o funeral do falecido líder palestino Yasser Arafat, e a guerra de Estados Unidos en Iraq, incluíndo a captura do ex presidente iraquí Saddam Hussein. Pasou catro anos en Paquistán como xefe de fotografía de AP para a rexión, cubrindo alí acontecementos como a revolución de Iemen e a guerra civil de Siria, así como eventos en Arabia Saudita, China, Afganistán, Exipto, Xordania, Francia e Sudáfrica, incluíndo a procesión do funeral de Nelson Mandela. Máis recentemente, estivo documentando a crise de refuxiados en toda Europa.

O seu traballo recibiu numerosos premios internacionais, incluíndo premios Pulitzer en 2005 e 2013 pola súa cobertura da guerra en Iraq e a guerra civil en Siria, mellor fotógrafo da revista Time de 2013, e película do ano POYi de 2007. Máis recentemente, foi galardoado co Premio Oliver S. Gramling para o xornalismo. Participou na Masterclass do prestixioso Joop Swart no World Press Photo 2012, é membro do comité de selección maxistral do mesmo desde 2015.



CARTA DO DIRECTOR GHALEB JABER MARTÍNEZ

Un ano máis, a Semana de Cine Euro-Árabe Amal abre as súas portas para achegarnos a cultura árabe a través do seu cine. Nesta ocasión, as mulleres son as protagonistas, diante e detrás das cámaras, xa que o festival lles dedica unha atención especial, dándolles a relevancia que merecen e que se forxaron día tras día. Historias persoais, cotiás, símbolos dun cine valiente e sen complexos, que se enfronta ás súas realidades sociais, sen medos nin tapuxos á hora de mirarse ao espello.

AMA, LOITA, SOÑA, AMAL, é este ano o lema da Semana, que se inspira nas palabras de Víctor Hugo na súa obra máis emblemática, Os miserables. Un home que por enfrontarse á tiranía de Luís Napoleón se converteu en refuxiado, en aras de defender a súa liberdade e a do seu pobo. Hoxe, miles de refuxiados dos países árabes buscan a súa liberdade perdida, fuxindo dos campos de batalla, das vidas rotas polo cruel xogo dun Occidente que usa ao mundo árabe como taboleiro das súas guerras e que, pechando as súas fronteiras, intenta afogar as súas esperanzas.

Pero non só con armas se fai a guerra; non só con aramados se intenta silenciar o horror, a desesperación, a voz dun pobo. Unha vez máis sufrimos o desprezo pola cultura árabe por parte dos políticos da nosa cidade, que actúan coma se o cine árabe fose parte dunha cultura inferior. Catorce anos levamos celebrando o Festival Amal en Compostela e, con todo, seguen pensando que este non se merece un oco na vida cultural da nosa cidade. Non existiríamos se non fora polas miles de persoas que nos facedes parte da vosa vida asistindo ás proxeccións; visitándonos cada edición, facedes nosa a vosa vontade de demostrar que non somos “un pobo alienado e ignorante”, como algúns din dos galegos e galegas. Por ese motivo non imos tirar a toalla, non imos baixar o telón, porque este é o noso fogar, e como galego-palestinos que somos, sabemos plantar cara a aqueles que pretenden facernos sentir estraños na nosa terra.

O compromiso co cambio non son frases en Twitter ou unhas siglas, tampouco un traxe ou unha chaqueta de pana. O cambio é o AMOR. En Fundación Araguaney LOITAMOS pola cultura sen fronteiras nin prexuizos. Durante máis de 30 anos traballamos duro e sen descanso, con discreción pero constantes, para facer desta cidade un lugar máis tolerante e para mostrar aos miles de artistas árabes que pasaron pola nosa cidade, a Europa que todos SOÑAMOS: xusta, diversa, respectuosa, comprometida... Esa Europa que a maioría dos políticos non representan. AMAL significa esperanza, e hoxe, máis que nunca, a esperanza ten as súas raíces nun cambio real.

PROGRAMACIÓN

AMA
LOITA
SONA
AMAL.

Luns 24 outubro | 20.30 h. | Auditorio Abanca

Coloquio posterior á proxección, co director Basil Khalil e o guionista Daniel Yáñez.

CUR

AVE MARÍA

...

Basil Khalil | 2015 | 14' | Palestina, Francia, Alemaña

As monxas do convento das Irmás da Misericordia no medio do deserto de Cisjordania ven a súa rutina diaria de silencio e oración interrompida cando unha familia de colonos israelís estampan o seu coche na parede do convento.

Las monjas del convento de las Hermanas de la Misericordia en el medio del desierto de Cisjordania ven su rutina diaria de silencio y oración interrumpida cuando una familia de colonos israelíes estrellan su coche en la pared del convento.

Nuns of the Sisters of Mercy convent in the middle of the West Bank wilderness have their daily routine of silence and prayer disrupted when a family of Israeli settlers crash their car into the convent's wall.

BASIL KHALIL

Galardoado director, naceu e criou-se en Nazaret, de pai palestino e nai británica. Despois de estudar un Máster na Academia de Cinema de Escocia, Basil traballou en varias producións de televisión en Londres. En 2011 Screen International Magazine preséntao como un dos “10 mellores realizadores árabes”. A curta *Ave María* (2015) presentouse na 68 edición do Festival de Cannes e foi nomeado ao Óscar á mellor curtametraxe nese mesmo ano.



FIC

MIENTRAS ABRO LOS OJOS

FESTIVAL
DE CINE
AFRICANO
FCAT

...

Leyla Bouzid | 2015 | 102' | Tunes, Francia, Bélxica, EAU

Tunes, verán de 2010, uns meses antes da Revolución. Farah, 18 anos, acaba de graduarse no instituto e a súa familia xa a imaxina licenciándose en Medicina. Pero ela non comparte ese desexo. Canta nun grupo de rock comprometido, emborráchase, descobre o amor e a súa cidade de noite, contra a vontade da súa nai Hayet, que coñece ben Tunes e os seus perigos.

Túnez, verano de 2010, unos meses antes de la Revolución. Farah, 18 años, acaba de graduarse en el instituto y su familia ya la imagina licenciándose en Medicina. Pero ella no comparte ese deseo. Canta en un grupo de rock comprometido, se emborracha, descubre el amor y su ciudad de noche...

Tunis, summer 2010, a few months before the Revolution: Farah, 18 years-old, has just graduated and her family already sees her as a future doctor. But she doesn't think the same way. She sings in a political rock band. She has a passion for life, gets drunk, discovers love and her city by night ...

LEYLA BOUZID

Nada en Tunes en 1984, onde viviu ata que se trasladou a París para estudar literatura na Sorbona. Filla do director Nouri Bouzid, realizou a súa primeira curta *Sbah o khir* (2006). Finalizou os seus estudos coa presentación da curta *Soubresauts* (2011) coa que foi premiada no Festival Premiers Plans d'Angers. En 2013 produce a súa primeira curtametraxe, *Zakaria*.



DOC

MADRES INVISIBLES

...

Lorenzo Benítez | 2016 | 67' | España

Hafida é nai solteira en Tánxer. Fuxiu de casa cando quedou embarazada e volve á súa cidade, El Jadida, co seu fillo. Os homes da familia rexeitan a súa maternidade. O sexo fóra do matrimonio é un delito en Marrocos. A lei sinala as nais solteiras como putas e os seus fillos como bastardos.

Hafida es madre soltera en Tánger. Huyó de casa cuando se quedó embarazada y vuelve a su ciudad, El Jadida, con su hijo. Los hombres de la familia rechazan su maternidad. El sexo fuera del matrimonio es un delito en Marruecos. La ley señala a las madres solteras como putas y a sus hijos como bastardos.

Hafida is a single mother in Tangier who fled home after falling pregnant. Years later, she returns to her city, El Jadida, with her son. The men in her family refuse to recognise her motherhood. Sex outside marriage is a crime in Morocco. The law brands single mothers whores and their children bastards.

LORENZO BENÍTEZ

Nais Invisibles é a súa ópera prima despois de catorce anos de actividade no cinema e a TV documental. Neste tempo foi investigador, axudante de dirección e produción de varios documentais emitidos en AL Jazeera, ZDF, Arte, TVE e Canal Sur TV. Foi o cofundador de Cádiz.doc, Mostra Internacional do Documental Independente.



FIC

10 AÑOS Y DIVORCIADA ...

Khadija Al-Salami | 2014 | 99' | Francia, Iemen, EAU

Unha nena entra nunha sala de xustiza, mira ao xuíz aos ollos e dille: «Quero divorciarme». En Iemen, onde non hai ningún requisito de idade para o matrimonio, Nojoom é obrigada aos dez anos a casar cun home vinte anos maior ca ela.

Una niña entra en una sala de justicia, mira al juez a los ojos y le dice: «Quiero divorciarme». En Yemen, donde no hay ningún requisito de edad para el matrimonio, Nojoom es obligada a los diez años a casarse con un hombre veinte años mayor que ella.

A 10-year-old girl walks into a courtroom, looks the judge straight in the eye and tells him, "I want a divorce." In Yemen, where there is no age restriction for marriage, Nojoom is forced to marry a man who is three times her age in exchange for a tribal dowry.

KHADIJA AL-SALAMI

Nada en Saná, Iemen. É obrigada a un matrimonio infantil aos once, cun home vinte anos maior, rebelouse contra os valores tribais e familiares, deixou o seu marido e pediu o divorcio. Aos dezaseis anos recibiu unha bolsa que lle permitiu perseguir o seu soño de estudar cinema nos Estados Unidos.



DOC

NEARBY SKY

...

Nujoom Alghanem | 2014 | 85' | Emiratos Árabes Unidos

Fátima Alhameli foi a primeira muller propietaria de camelos dos Emiratos. Unha muller forte cunha firme decisión: representar as mulleres dos EAU neste mundo de homes e demostrarlle ao mundo que non hai diferenzas entre homes e mulleres.

Fátima Alhameli fue la primera mujer propietaria de camellos de los Emiratos. Una mujer fuerte con una firme decisión: representar a las mujeres de los EAU en este mundo de hombres y demostrar al mundo que no hay diferencias entre hombres y mujeres.

Fatima Alhameli was the first Emirati female camel owner in UAE. However, she persisted as she was determined to represent Emirati women in this largely male bastion and keen on proving to the world that her gender would not hold her back.

NUJOOM ALGHANEM

Nujoom Alghanem (Dubai, 1962) poetisa e unha das directoras de cinema máis galardoada nos EUA. De feito está considerada como a promesa do cinema documental nese país. A súa filmografía inclúe: *Sound of the sea* (2015), *Nearby sky* (2014), *The young fighter* (2014), *Amal* (2011) e a galardoada como mellor documental en *Amal* 2012, *Hamama* (2011).



FIC

BARAKAH MEETS BARAKAH

...

Mahmoud Sabbagh | 2016 | 88' | Arabia Saudita

Nun tempo no que as tradicións van da man dos teléfonos intelixentes e as redes sociais, Barakah, un divertido e intachable axente municipal responsable de manter a orde da cidade, coñecerá unha guapa e ultra famosa vídeo blogger. Ocorre o impensable: namóranse e tratan de ter unha cita a toda custa.

En un tiempo en que las tradiciones van de la mano de los teléfonos inteligentes y las redes sociales, Barakah, un divertido e intachable agente municipal responsable de mantener el orden de la ciudad, conocerá una guapa e ultra famosa video blogger. Ocurre lo impensable: se enamoran y tratan de tener una cita toda costa.

In a time when traditions go side by side with smartphones and social media, Barakah, a funny and impeccable municipal agent responsible to enforce order in town, will meet a beautiful, erratic, ultra-famous Instagram video blogger. The unthinkable happens: they fall in love and try to have a proper date, against all odds.

MAHMOUD SABBAGH

Director, produtor e escritor independente saudita, pioneiro do cinema independente no seu país desde 2013. A súa opera prima é *Barakah*, tamén dirixiu e escribiu a provocadora web serie *Cash* e o documental *The Story of Hamza Shehata*. Estuda cinema na universidade de Columbia.



DOC

AFTER SPRING

...

Ellen Martinez e Steph Ching | 2016 | 102' | EE.UU.

Co conflito sirio agora no seu sétimo ano, millóns de persoas seguen desprazadas. Despois da Primavera é a historia do que sucede a continuación, o que é vivir en Zaatari, o maior campamento de refuxiados sirios.

Con el conflicto sirio ahora en su séptimo año, millones de personas siguen desplazadas. Después de la Primavera es la historia de lo que sucede a continuación, lo que es vivir en Zaatari, el mayor campamento de refugiados sirios.

Millions of Syrians have already been displaced since the conflict erupted seven years ago. After Spring is the history after , the life in Zaatari Jordan, the second largest refugee camp in the world.

ELLEN MARTÍNEZ E STEPH CHING

Con base en Brooklyn, Ellen pasou máis de oito anos no Medio Oriente e viviu en Damasco-Siria durante catro anos. Steph traballou no departamento de redacción de varias producións de Nova York. Recentemente, foi produtora asociada e editora do documental nomeado ao Emmy, *Supermensch: A lenda de Shep Gordon*.



3000 NOCHES

...

Mai Masri | 2015 | 103'

| Palestina, Francia, Jordania, Líbano, Emiratos Árabes, Catar

Unha historia de maternidade na máis extrema das circunstancias, 3000 noites converte a prisión nunha metáfora da Palestina ocupada, explorando como se cruzan a resistencia, a empatía e a manipulación emocional.

Una historia de maternidad en la más extrema de las circunstancias, 3000 noches convierte la prisión en una metáfora de la Palestina ocupada, explorando cómo se cruzan la resistencia, la empatía y la manipulación emocional.

A story of motherhood in the most dire of circumstances, 3000 Nights makes a prison into a metaphor for Palestine under occupation, exploring how the institution shapes the complicated interplay of resilience, empathy, and psychological manipulation..

MAI MASRI

Coñecida polos seus documentais sobre Palestina e o Medio Oriente, Mai Masri naceu en Xordania, creceu en Beirut e estuda cinema na Universidade de California, Berkeley. Participou en Amal 2009 co filme *33 días*.



FIC

FÁTIMA

...

Philippe Faucon | 79' | 2015 | Francia

Fátima vive coas súas dúas fillas adolescentes e traballa como empregada do fogar para poder pagar os seus estudos. Inspirada na historia da escritora Fátima Elayoubi. É un paciente e reflexivo estudo dunha muller presionada polos seus fillos e veciños para integrarse nunha cultura ante a que ela se mostra receosa.

Fátima vive con sus dos hijas adolescentes y trabaja como empleada del hogar para poder pagar sus estudios. Inspirada en la historia de la escritora Fátima Elayoubi. Es un paciente y reflexivo estudio de una mujer presionada por sus hijos y vecinos para integrarse en una cultura ante la que ella se muestra recelosa.

Fatima lives with her two teenage daughters and works as a cleaner to pay their way through school. Its a patient, reflective study of a woman pressured by her children and her neighbors alike to assimilate into a culture of which she's wary.

PHILIPPE FAUCON

Nado en Oujda, Marrocos, fillo dun soldado francés e nai alxerina. Creceu en Marrocos onde o seu pai fixo o servizo militar. Despois de completar os seus estudos na Universidade de Aix-Marseille, comezou a traballar no cinema e en 1984 dirixiu a súa primeira curtametraxe, titulada *A Jeunesse*.



FIC

LAS AVENTURAS DEL PRÍNCIPE ACHMED

...

Lotte Reiniger | 1926 | 65' | Alemaña

Conto animado alemán de 1926 de Lotte Reiniger é a película de animación máis antiga da historia. Conta unha emocionante historia das *Mil e unha noites*, chea de maxia, monstros e perigos, incorpora o conto de Aladdin e o seu amor pola irmá de Achmed, Dinarzade.

Cuento animado alemán de 1926 de Lotte Reiniger, es la película de animación más antigua de la historia. Cuenta una emocionante historia de las *Mil y Una Noches*, llena de magia, monstruos y peligros, incorpora el cuento de Aladdin y su amor por la hermana de Achmed, Dinarzade.

Is a 1926 German animated fairytale film by Lotte Reiniger. It is the oldest surviving animated feature film. The movie tells an exciting story from the world of the Arabian Nights, full of magic, menace and monsters, and incorporates the tale of Aladdin and his love for Achmed's sister Dinarzade.

CASPERVECK TRÍO

Caspervek Trío nace en 2013 no seo do Conservatorio Superior de Música de Vigo cando dous dos seus membros, Brais González e Blas Castañer, se xuntan para musicalizar en directo o clásico de F. W. Murnau, *Nosferatu*. Tras esta primeira actuación, únese ao grupo o violinista Eduards Vecbastiks. Xuntos comezarán a explorar o legado cinematográfico dos anos 20.



CUR

A VIAXE DE GHADA

...

Escola pública de Ventín | 2016 | 39' | Galiza

Refuxiad@s? Non! PERSOAS obrigadas a fuxir. Acompañas a Ghada?

Pretende despertar un espírito crítico na audiencia e contraponer o miserento da guerra fronte á grandeza da xenerosidade, axudando a interiorizar o significado do que as persoas refuxiadas están a vivir e do que foxen, enchéndose así de empatía cara as mesmas, e sendoconscientes do necesaria que é a solidariedade.

Refugiad@s? No! PERSONAS obligadas a huir: Acompañas la Ghada?

Pretende despertar un espírito crítico en la audiencia, y contraponer lo miserable de la guerra frente a la grandeza de la generosidad, ayudando la interiorizar el significado del que las personas refugiadas están viviendo y del que huyen, llenándose así de empatía y siendo conscientes de lo necesaria que es la solidaridad.

Refugees? No! People forced to flee. Are you going to follow Ghada?

This film tries to awake a critical spirit in the audience, and countering the miserable war against the greatness of generosity, helping to internalize the meaning of what refugges are living and running away from, filled with empathy and being aware of how much needed is solidarity.

**ESCOLA PÚBLICA
DE VENTÍN, AMES**

Traballo das nenas e nenos da escola pública CEP Ventín - Milladoiro, de Ames. O guión e a dirección corren a cargo de Manuel Villar Paniagua, e a edición e a montaxe da man de Álex Uzal.



RESTAURANTES

MENÚ DEGUSTACIÓN ÁRABE

Do 24 ao 29 de OUTUBRO



**XUNTA
DE GALICIA**

www.cultura.gal



CINEMAS DE GALICIA

//ABANCA
Obra Social



www.ctvmedia.es



“ LO ESCOJO POR...



- Sus fantásticas habitaciones señoriales
- Las exquisitas propuestas del Restaurante Caney
- Un lugar emblemático y con personalidad
- Desprende arte por todos sus poros

I CHOOSE IT FOR...

- *Its fantastically distinguished-looking rooms*
- *The Caney Restaurant's exquisite proposals*
- *An emblematic place with personality*
- *Oozing art from every pore*



ESCÓLLOO POR...

- *As súas fantásticas habitacións señoriais*
- *As exquisitas propostas do Restaurante Caney*
- *Un lugar emblemático e con personalidade*
- *Desprende arte por todos os seus poros*



Lo importante no es
qué hotel eliges sino
por qué lo eliges”



EUROSTARS
ARAGUANEY

GRUPO
HOTUSA



CONCEPTO CANEY: UNA GARANTÍA GASTRONÓMICA



Información y reservas: (+34) 981 559 603
Calle Alfredo Brañas. n° 5
Santiago de Compostela



Escanee este código QR con su móvil para acceder
a +INFORMACIÓN (carta online, ofertas...)

(<http://www.caney.es/>)



TELEVISIÓN DE GALICIA



EL LARGUERO
La noche y el día
del fútbol

Manu Carreño.
Todos los días de 23:30 a 01:30h

SER

Radio
GALICIA

90.2 FM
87.3 OM



FRENTE AL RUIDO,

SOLO LOS REFERENTES DE LA RADIO

SE HACEN OÍR.



**EL PARTIDAZO
DE COPE**

Juanma Castaño

Lunes a viernes 23:30 a 01:30h

Escúchanos en: Santiago de Compostela 97.1 FM
COPE Más 99.9 FM



www.cope.es

INFORMACIÓN DE INTERESE

- Todas as proxeccións realizaranse no Auditorio ABANCA Santiago de Compostela, Rúa Preguntoiro nº23.
- O punto de venda é a billeteira do Auditorio ABANCA, o mesmo día das proxeccións 1 hora antes do seu comezo.
- A sesión de apertura luns 24, 20.30 h. e a de clausura sábado 29, 12.00 son gratuítas.
- A sesión das 20.00 h. ten un custo de 2€.
- A sesión das 22.00 h. ten un custo de 3€.
- Todas as proxeccións teñen aforo limitado.

LUNS
24 OUTUBRO

20:30 h.



Basil Khalil

22:00 h.



Leyla Bouzid

MARTES
25 OUTUBRO

20:30 h.



Lorenzo Benitez

22:00 h.



Khadija Al-Salami

MÉRCORES
26 OUTUBRO

20:00 h.



Nojoom Alghanem

22:00 h.



Mahmoud Sabbagh

XOVES
27 OUTUBRO

20:00 h.



Ellen Martínez e Steph Ching

22:00 h.



Mai Masri

VENRES
28 OUTUBRO

20:00 h.



22:00 h.



SÁBADO
29 OUTUBRO

12:00 h.



Escola pública de Ventín

DO 24 AO 29 DE OUTUBRO
AUDITORIO ABANCA
Rúa Preguntoiro, 23
SANTIAGO DE COMPOSTELA
WWW.AMAFESTIVAL.COM